

Salarios desde o punto de vista do perceptor: Proporción de asalariados con salarios baixos

Resumo de resultados 21/05/2021

ÍNDICE

Proporción de asalariados con salarios baixos	1
Proporción de asalariados con salarios baixos segundo a idade	2
Proporción de asalariados con salarios baixos segundo o nivel de estudos	2
Proporción de asalariados con salarios baixos nos países da Unión Europea	3
Definicións, fontes e máis información	4

Proporción de asalariados con salarios baixos

Considéranse asalariados con salarios baixos aqueles que gañan 2/3 ou menos da mediana das ganancias brutas por hora na rexión/país de referencia. Polo tanto, cómpre resaltar que o limiar empregado para determinar que salarios son baixos é específico de cada país. Para o cálculo deste indicador só se consideran os asalariados de empresas de 10 ou máis asalariados incluídas nalguna das seccións B a S (excluída a O: “Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria”) da CNAE 2009

En Galicia, no ano 2018 o 13,1 % dos asalariados tiña salarios baixos, unha porcentaxe lixeiramente superior á do ano 2006, que era do 8,2 %.

A consideración deste indicador segundo o sexo permite observar importantes diferenzas entre homes e mulleres. Así, no ano 2018 a porcentaxe de mulleres asalariadas con salarios baixos en Galicia acadou o valor do 19,1 % fronte ao 7,4 % dos homes.

Porcentaxe de asalariados con salarios baixos segundo o sexo. Galicia

Unidade: Porcentaxe

Sexo	2006	2010	2014	2018
Total	8,2	10,5	11,2	13,1
Homes	4,0	4,7	6,3	7,4
Mulleres	13,9	17,4	16,3	19,1




Proporción de asalariados con salarios baixos segundo a idade

Se se fai a análise da proporción de salarios baixos segundo a idade, obsérvase que nos menores de 30 anos este indicador ascende ao 20,1 %, moi por encima do dato para os asalariados de 50 e máis anos, que se sitúa no 11,9 %.

Porcentaxe de asalariados con salarios baixos segundo a idade. Galicia

Unidade: Porcentaxe

Edad	2006	2010	2014	2018
Total	8,2	10,5	11,2	13,1
Menor de 30 anos	13,0	18,2	19,8	20,1
30-49 anos	6,1	9,9	10,9	12,6
50 anos e máis	6,6	7,2	8,6	11,9




Proporción de asalariados con salarios baixos segundo o nivel de estudos

Tendo en conta a proporción de asalariados con salarios baixos segundo o nivel de estudos, obsérvase que a medida que aumenta o nivel de estudos a proporción de asalariados con salarios baixos é menor.

Porcentaxe de asalariados con salarios baixos segundo o nivel de estudos. Galicia


Unidade: Porcentaxe

Nivel de estudos	2014	2018
Total	11,2	13,1
Menos que primaria, primaria e secundaria 1ª etapa	15,6	20,5
Secundaria 2ª etapa e postsecundaria non terciaria	12,3	13,1
Terciaria	5,2	4,0



Proporción de asalariados con salarios baixos nos países da Unión Europea

A comparación por países debe realizarse con cautela debido á existencia de umbrais diferentes para cada país. Non obstante, os datos de Eurostat reflicten que no ano 2018 en Galicia esta porcentaxe é do 13,10 % e en España do 14,33 %.



Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Porcentaxe de asalariados con salarios baixos segundo o sexo. Galicia
- Porcentaxe de asalariados con salarios baixos segundo o grupo de idade. Galicia
- Porcentaxe de asalariados con salarios baixos segundo o nivel de estudos. Galicia
- Porcentaxe de asalariados con salarios baixos nos países da UE27 segundo o sexo

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir dos microdatos da Encuesta de Estructura Salarial elaborada polo INE